



Intemperias Correspondencias interartes con Xela Arias

Libraría Numax | Abril-outubro 2021

Sábado 18 de setembro | 13:30*

VERÓNICA VICENTE [sen título]



Intemperias, correspondencias interartes con Xela Arias é un proxecto comisariado por Charo Lopes para a Libraría Numax. Ten como aliecer activar a pegada de Xela Arias: a sororidade instintiva, a desobediencia fronte a equilibrio inxusto, a creatividade e a experimentación coa palabra son a base para que novas artistas dialoguen hoxe coa poeta falecida en 2003. Este é o punto de partida. O desafío? Transformar o estímulo literario da autora homenaxeada este ano coa celebración do Día das Letras Galegas en outra cousa. A partir da poesía, desenvolver cadansúa obra-homenaxe, tendo como escenario privilexiado o propio espazo da Libraría.

Para isto contaremos con cinco artistas diferentes, en cinco citas entre abril e outubro, que desenvolverán unha parte do seu proceso creativo no espazo da libraría, en horario de apertura ao público. Un happening a acontecer entre a bibliografía básica e complementaria dos andeis de NUMAX, para desenvolver cinco disciplinas diferentes: a fotografía, a música, a ilustración, o téxtil e a cerámica.

Verónica Vicente (Tomiño, 1988) é graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo (2010) con Máster Internacional de Fotografía Conceptual e Artística da escola EFTI (2011) e Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas da Universidade de Santiago de Compostela (2012). No 2011 recibiu a bolsa Novos Valores da Deputación de Pontevedra e en 2016 a bolsa Formarte de fotografía do Ministerio de Cultura. Gañou numerosos premios como o concurso Internacional de Fotografía de Escultura (2013) convocado polo Museo Nacional de Escultura, e participou no Festival Internacional de Videoarte FIVAC de Cuba e no Athens Digital Arts Festival. Obra súa foi adquirida polo CGAC, o Centre d'Art La Panera ou a Bienal de Arte de Cerveira, entre outros.

«**[sen título]**». Camiñando entre a fotografía, o vídeo e a performance Verónica Vicente propón unha intervención que convertirá a Numax nunha libraría chea de páxinas anónimas. Unha libraría sen identidade(s), sen manifestos, sen historias e sen crítica, en definitiva, un espazo neutralizado, sen linguaxe e sen voz. Verónica Vicente recorre á estratexia de ocultar para pór o foco no que non vemos: facer desaparecer as capas, os títulos e o nome dos e das autoras co fin de darlle voz e presenza, pondo en valor a complexidade e diversidade da comunicación libre.

Co apoio da

NUMAX



Deputación
DA CORUÑA

*Prazas limitadas

Reserva previa en comunicacion@numax.org